

7. Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) e Fondo Europeo de Garantía Agraria (FEAGA) "A UE sementando futuro no rural galego"

7.1 A Política Agraria Común (PAC)

A **Política Agraria Común (PAC)** é unha das políticas máis importantes da Unión Europea. Foi creada no ano 1962 e, a día de hoxe, o seu orzamento representa case o 30 % do total da Unión Europea.

Obxectivos da Política agraria Común:

- Garantir unha renda xusta aos labregos e labregas e gandeiros e gandeiras
- Aumentar a competitividade das explotacións
- Mellorar a posición dos agricultores e das agricultoras na cadea alimentaria
- Actuar contra o cambio climático facendo cultivos compatibles co territorio
- Protexer o medio ambiente
- Preservar as paisaxes e a biodiversidade
- Apoiar o relevo xeracional nas explotacións agrícolas e gandeiras
- Manter zonas rurais dinámicas loitando así contra a despoboación
- Protexer a calidade alimentaria e sanitaria controlando a trazabilidade dos produtos
- Impulsar o coñecemento e a innovación favorecendo unha formación continua das persoas traballadoras



Estes obxectivos da Política Agraria Común concréntanse e adáptanse en cada Estado membro a través dun Plan Estratéxico, actualmente a través da PEPAC (Plan Estratéxico da Política Agraria Común), para o período 2023-2027.

A súa execución lévase a cabo mediante distintos fondos europeos, entre os que destacan o FEAGA (Fondo Europeo Agrícola de Garantía) e o FEADER (Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural) Deste xeito, ambos os fondos permiten aplicar na práctica os obxectivos da PAC, favorecendo unha agricultura máis sostible, competitiva e socialmente equilibrada.

En Galicia, para o período 2023–2027, a UE investirá 579,3 millóns de euros a través destes fondos para seguir facendo posible un rural con futuro.

EXERCICIO

*Cales dos obxectivos da PAC consideras máis relevante para o teu pobo ou concello?
Suxires algún obxectivo máis que estea relacionado ou orixinado na túa contorna?
Consideras que algún deles non é preciso?*

7.2 Quen se beneficia e quen xestiona estes fondos?

Beneficiarios/as principais:

- Labregos/as e gandeiros/as;
- Mozos e mozas que deciden emprender no sector agrario;
- Cooperativas agrarias e comunidades de montes;
- Mulleres emprendedoras do medio rural;
- Concellos e asociacións que desenvolven proxectos sociais ou produtivos.

En canto á xestión destes fondos en Galicia, esta é desempeñada pola persoa titular da Secretaría Xeral Técnica da Consellería do Medio Rural.

7.3 FEAGA e FEADER no período 2023-2027

No marco do PEPAC (Plan Estratéxico da Política Agraria Común) 2023-2027, a Política Agraria Común finánciase a través de dous fondos principais: o FEAGA e o FEADER, que compren funcións complementarias.

Este financiamento debe cumprir os obxectivos marcados polo PEPAC, contribuíndo a un desenvolvemento sostible da agricultura, garantindo a seguridade alimentaria da sociedade a través dun sector competitivo e dun medio rural vivo.

O FEAGA financia principalmente os pagamentos directos aos/as agricultores/as e gandeiros/as, así como as medidas de regulación dos mercados agrarios. O seu obxectivo é garantir unha renda mínima estable ao sector agrario e fomentar prácticas máis sostibles.

O FEADER financia actuacións de desenvolvemento rural, centradas en mellorar a competitividade das explotacións, protexer o medio ambiente e manter poboación no medio rural.



EXERCICIO

Hai xente que di que antes da entrada na Unión Europea, Galicia tiña máis vacas e producía máis leite. Podes comprobar como son os datos de produción de leite do ano 1985 e comparar cos de 2024?

Exemplos de actuacións do FEAGA en Galicia

- Pagamento básico á renda para explotacións agrarias e gandeiras
- Pagamento redistributivo, que beneficia especialmente ás pequenas e medianas explotacións galegas
- Axuda complementaria a mozos e mozas do sector agrícola, favorecendo o relevo xeracional
- Ecorrexímenes (axudas para fomentar actividades agrarias beneficiosas para o medio ambiente).

EXERCICIO

Pensas que financiar axudas para explotacións respectuosas co medio ambiente é un beneficio para toda a sociedade ou soamente para as persoas propietarias da explotación?

Exemplos de actuacións do FEADER en Galicia

- **Axudas á modernización de explotacións agrarias**, como a mellora de instalacións gandeiras ou a adquisición de maquinaria.
- **Programas de apoio ás Denominacións de Orixe e ás Indicacións Xeográficas Protexidas** para garantir un produto galego de calidade, como no caso de:
 - Viños: Ribeiro, Rías Baixas, Monterrei...
 - Queixos: Tetilla, San Simón da Costa, Arzúa-Ulloa.
 - Outros produtos: Pemento de Herbón, Mel de Galicia, Fabas de Lourenzá.



EXERCICIO

Investiga, para pertencer a unha denominación de orixe ...hai que cumprir algún requisito?

- **Programas LEADER**, que financian proxectos a través dos GDR (Grupos de Desenvolvemento Rural), como:
 - Creación de pequenas empresas no medio rural;
 - Turismo rural;
 - Transformación de produtos agroalimentarios;
 - Mellora de servizos básicos no medio rural, como infraestruturas ou equipamentos comunitarios



EXERCICIO

O territorio galego está organizado en GDR (Grupos de Desenvolvemento Rural), entidades encargadas de xestionar proxectos de desenvolvemento local financiados, entre outros, polo programa LEADER.

- 1. Investiga cal é o GDR ao que pertence o teu concello.*
- 2. Indica que concellos forman parte dese GDR.*
- 3. Busca e describe dous ou tres proxectos financiados polo programa LEADER nese territorio, indicando o tipo de actuación (empresarial, turística, social, cultural, etc.).*

Se queres saber máis podes entrar nas seguintes páxinas

<https://pdr-mediourural.xunta.gal/gl/pepac/o-programa>

https://agriculture.ec.europa.eu/common-agricultural-policy_es

<https://fondoseuropeos.xunta.gal/periodo-2021-2027/outros-programas/pepac>